



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--|-----------|
| Datos Identificativos | | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | FISIOLOXÍA | | Código | 651G01003 |
| Titulación | | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | Anual | Primeiro | Formación básica | 9 |
| Idioma | CastelánGalego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Fisioterapia, Medicina e Ciencias Biomédicas | | | |
| Coordinación | Sangiao Alvarellos, Susana | Correo electrónico | susana.sangiao@udc.es | |
| Profesorado | , Cordido Carballido, Fernando Cudeiro Mazaira, F.Javier Sangiao Alvarellos, Susana | Correo electrónico | m.naya.fernandez@udc.es fernando.cordido@udc.es javier.cudeiro@udc.es susana.sangiao@udc.es | |
| Web | campusvirtual.udc.gal/ | | | |
| Descrición xeral | <p>Esta materia pretende o desenvolvemento de competencias que permitan ao alumnado comprender e aplicar os coñecementos relacionados coa Fisioloxía Humana.</p> <p>Descritor: Coñecementos sobre a función do corpo humano que capaciten para avaliar, sintetizar e aplicar tratamentos de Fisioterapia.</p> | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| | |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|--|-------------------------------------|----------|----|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| Capacidade para aplicar o método científico para constatar a efectividade dos métodos de intervención, avaliar os métodos de traballo aplicados | A2 A4 | | C3 |
| Coñecementos e capacidade para aplicar as funcións do corpo humano dentro do contexto da Fisioterapia | A1 A2 | B1 B2 | |
| Capacidade para recoñecer e interpretar signos de función-disfunción da persoa | A1 A2 | B1 B2 | |
| Capacidade para saber traballar en equipo co obxectivo de lograr o benestar do paciente | A1 A2 A3 | B4 | C9 |
| Coñecementos e capacidade para aplicar a Función do corpo humano dentro do contexto da Fisioterapia | A1 A2 | | |
| Coñecementos e capacidade para aplicar Fisiopatoloxía dentro do contexto da Fisioterapia | A1 A2 A3 A4 | B2 | C3 |
| Valorar a importancia que ten no campo da fisioloxía a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | A3 A4 A9 | B3 B5 | C8 |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |
| | |



| | |
|---|---|
| <p>Capítulo 1.- INTRODUCCIÓN Á FISIOLOXÍA CELULAR. FISIOLOXÍA XERAL DA NEURONA E DAS CÉLULAS EXCITABLES</p> | <p>Tema 1: Fisioloxía celular. A célula como un compartimento para os procesos de intercambio fisiolóxico. Organelas celulares. Intercambio de substancias entre a célula e a súa contorna.</p> <p>Tema 2: Potencial de membrana e a súa orixe. Equilibrio de Donnan. Ecuacións de Nerst e Goldman. Propiedades pasivas da membrana celular. Equivalentes eléctricos. Canles iónicas e métodos para o seu estudo.</p> <p>Tema 3: Potencial de acción (PA). Bases iónicas. Características do P.A. Condución do P.A.</p> <p>Tema 4: Tipos e características xerais da neurona. A sinapse. Tipos de sinapses e as súas características. A sinapse neuromuscular como modelo de sinapse química. Alteracións a este nivel: A miastenia gravis.</p> <p>Tema 5: Concepto de excitación e inhibición sináptica. Integración sináptica. Sumación espacial e temporal.</p> <p>Tema 6: Neurotransmisores e neuromoduladores. Transmisión sináptica mediada por segundos mensaxeiros. Neurotransmisores clásicos, peptídicos e heterodoxos.</p> |
| <p>Capítulo 2.- FISIOLOXÍA DO MÚSCULO Y DA CONTRACCIÓN MUSCULAR</p> | <p>Tema 1: Acoplamento excitación-contracción no músculo estriado. Excitación da fibra muscular e modificación dos niveis de Ca^{+2}. Bases moleculares da contracción no músculo esquelético e a súa regulación.</p> <p>Tema 2: Tipoloxía fibrilar estriada. Diferentes nomenclaturas. Concepto de unidade motora. Regulación da forza de contracción. Sistemas enerxéticos.</p> <p>Tema 3: Mecánica muscular. Relación lonxitude-tensión: contraccións isométricas. Relación forza-velocidade. Tipos de contracción. Componentes elásticos musculares.</p> <p>Tema 4: Estudo do músculo liso, os seus tipos e as súas características diferenciais con respecto ao estriado.</p> |
| <p>Capítulo 3.- INTEGRACIÓN SENSORIOMOTORA</p> | <p>Tema 1: Concepto de receptor sensorial e tipos. Transdución. Propiedades dos receptores. Integración sensorial: concepto de vía e sistema. Campo receptor. Percepción e discriminación sensorial. Tipos de fibras aferentes.</p> <p>Tema 2: Receptores musculares: características morfo-funcionais. Regulación da forza, lonxitude e velocidade. Sistema gamma. Coactivación alfa-gamma e o seu significado. Receptores articulares e a súa colaboración cos receptores musculares na propiocepción.</p> <p>Tema 3: Concepto de reflexo. Estudo do reflexo de estiramento e o seu significado funcional. Estudo do reflexo Ib (miotático inverso). Reflexos espiñais complexos. Circuitos espiñais e patróns rítmicos de locomoción.</p> |



Capítulo 4.- SISTEMA NERVIOSO

Tema 1: O tacto. Diferenzas entre pel glabra e veluda. As terminacións libres. Os corpúsculos terminais superficiais. O receptor de Paccini. Córtex somatosensorial.

Tema 2: Dor e analxesia. Nociceptores e a súa activación. Organización sináptica medular dos aferentes primarios. Neurotransmisores e dor. Modulación da dor por aferencias non nociceptivas. Control central da dor.

Tema 3: Sentidos químicos: O gusto. O receptor gustativo. As distintas calidades gustativas correspóndense con distintos mecanismos de transdución. Hipotálamo, sistema límbico e córtex gustativo. O olfacto. O receptor olfactivo. Anatomía funcional do glomérulo olfactivo. Tálamo, sistema límbico e córtex olfactivo.

Tema 4: O oído. A enerxía auditiva e o seu sistema de transmisión no oído. Os receptores auditivos e a transdución. Características funcionais da membrana basilar. Procesamento subcortical e cortical da audición.

Tema 5: O equilibrio. O órgano otolítico e os seus elementos, función como graviceptor. As canles semicirculares. As células receptoras e o seu mecanismo de transdución. Núcleos vestibulares e control da postura.

Tema 6: A visión. Estrutura da retina. A fototransdución. Características diferenciais de conos e bastóns. Procesamento visual retiniano. O corpo xeniculado lateral e a segregación da información visual. A codia visual primaria. Percepción do movemento, a profundidade e as formas. A visión da cor. Os movementos oculares. Os reflexos vestibulo-ocular e opto-cinético. Movementos de persecución, sacádicos e de verxencia; estruturas implicadas.

Tema 7: Niveis de organización motora. Organización xerárquica e organización en paralelo. Control do movemento voluntario: Existen diversas áreas corticais con funcións motoras e organízanse somatotopicamente. O córtex motor primario. Áreas corticais premotoras e córtex parietal posterior.

Tema 8: Sistemas motores descendentes con orixe en mesencéfalo e tronco: sistemas vestibuloespiñal, rubroespiñal e reticuloespiñal. Regulación das musculaturas proximal e distal. Interrelacións entre os sistemas descendentes. Neuronas propioespiñais. Centro locomotor mesencefálico.

Tema 9: O cerebelo: organización rexional. Estudo das súas divisións funcionais: vestibulocerebelo, espinocerebelo e cerebrocerebelo. Papel na aprendizaxe motora.

Tema 10: Os ganglios basais: estrutura e conexións. Papel no control do movemento e en aspectos da conduta non motora. Os circuitos nos ganglios basais utilizan diversos neurotransmisores.

Tema 11: A formación reticular e as súas funcións excitadoras e inhibitoras. Os ritmos biolóxicos. Ciclo sono-vixilia. Tipos de soños, e as súas bases neurobiolóxicas. Funcións do sono. Durmir e soñar. A melatonina e a súa relación co ritmo sono-vixilia.

Tema 12: Hipotálamo e sistema límbico. Anatomía funcional do sistema límbico e consideracións preliminares. Integración central das funcións hormonais e



neurovegetativas. Bases neuronais da emoción e da motivación. Funcións específicas do sistema límbico.

Tema 13: Estudo do sistema nervioso autónomo (SNA). Organización. Características funcionais do SNA. Control central das funcións autónomas: papel do hipotálamo e do núcleo do tracto solitario. Bases celulares do funcionamento do SNA. Accións do SNA sobre as vísceras.

Tema 14: Funcións superiores do sistema nervioso. Areas de asociación: córtex prefrontal, córtex parietal posterior e córtex temporal. Neurobioloxía da memoria e a aprendizaxe. Mecanismos celulares. Receptores NMDA e non-NMDA



| | |
|--|---|
| <p>Capítulo 5.- SISTEMA RESPIRATORIO</p> | <p>Tema 1: Ventilación pulmonar. Mecánica da ventilación pulmonar. Curvas presión-volumen. Efecto da tensión superficial e o seu control. Volumenes e capacidades pulmonares; a súa medida. Ventilación alveolar. Concepto de punto de igual presión. Concepto de espazo morto.</p> <p>Tema 2: Intercambio gasoso a nivel alveolar. Leis da difusión. Difusión de gases a través da membrana alveolar e factores dos que depende. Cociente ventilación-perfusión.</p> <p>Tema 3: Transporte de gases polo sangue. Presións de O₂ e CO₂ en pulmóns, sangue e tecidos. Transporte de O₂; curva da hemoglobina. O efecto Böhr. Transporte de CO₂. Curva de disociación. O efecto Haldane.</p> <p>Tema 4: Control da respiración pulmonar. Ritmicidade respiratoria. Receptores e vías aferentes. Centros respiratorios. Reflexos que interveñen no control respiratorio. Control químico da respiración.</p> <p>Tema 5: Fisioloxía da respiración en condicións especiais. Respiración a baixas presións. Respiración a altas presións.</p> |
| <p>Capítulo 6.- SISTEMA CARDIOCIRCULATORIO</p> | <p>Tema 1: Electrofisioloxía cardíaca. Características do potencial de acción cardíaco e das súas fases. Acoplamento excitación-contracción no músculo cardíaco. Automatismo e condución eléctrica. O electrocardiograma.</p> <p>Tema 2: O corazón como músculo. Mecánica cardíaca. Lei de Frank-Starling e as súas bases estruturais. Curvas forza-velocidade e lonxitude-tensión. Conceptos de precarga, postcarga e contractilidade.</p> <p>Tema 3: O corazón como bomba. A lei de Frank-Starling no corazón intacto. O ciclo cardíaco e as súas fases. Regulación do corazón como bomba: regulación heterométrica e homeométrica; efectos da innervación cardíaca. O volume minuto e o seu determinación. Factores dos que depende.</p> <p>Tema 4: Circulación arterial. Características funcionais das arterias. Conceptos de: presión arterial sistólica, diastólica, media e diferencial. Método de medida. Factores cardiovasculares que inflúen na presión arterial. Regulación da presión arterial. Factores a curto e longo prazo. Diferenzas.</p> <p>Tema 5: Circulación venosa. Características xerais do sistema venoso. Diferenzas co sistema arterial. Presión venosa. Retorno venoso e factores dos que depende.</p> <p>Tema 6: Circulación capilar e sistema linfático. Características da circulación capilar. Intercambio de líquidos a nivel capilar e factores dos que depende. Sistema linfático e as súas características. Composición da linfa. Papel fisiolóxico do sistema linfático. Regulación do fluxo sanguíneo.</p> <p>Tema 7: Circulacións rexionais e as súas características: coronaria, muscular, cutánea, espláncnica e fetal.</p> |



Capítulo 7.- SANGUE E SISTEMA INMUNITARIO

Tema 1: Introducción e funcións xerais do sangue. Composición (I): sales e oligoelementos. Proteínas plasmáticas: Métodos de estudo. A albumina. Sistemas proteolíticos e inhibidores das proteasas. Composición (II): Proteínas de transporte específicas: As lipoproteínas.

Tema 2: Elementos formes do sangue. Clasificación xeral. O eritrocito. Metabolismo eritrocitario. A hemoglobina e a súa función. Eritropoese e hematopoeese. Estudo dos leucocitos.

Tema 3: Hemostase e coagulación. Conceptos xerais. Papel das plaquetas na hemostase. A coagulación e as súas vías. Fibrinólise.

Tema 4: O sistema inmunitario. Inmunidade xeral e específica. Inmunidade celular e inmunidade humoral. Estrutura dos anticorpos. Mediadores.

Tema 5: Os grupos sanguíneos. Sistema ABO. Sistema Rh. Grupos sanguíneos e maternidade.



Capítulo 8.- ENDOCRINOLOXÍA E NUTRICIÓN

Tema 1: Principios xerais de comunicación endócrina. Concepto de hormona e os seus mecanismos de actuación

Tema 2: O hipotálamo como glándula endócrina. Neurosecreción. Interrelacións hipotálamo-hipofisarias. Natureza química, síntese, liberación e accións biolóxicas das hormonas hipotalámicas.

Tema 3: Neurohipófise. Síntese, transporte axonal e liberación das hormonas neurohipofisarias. Accións biolóxicas e regulación da síntese e secreción da hormona antidiurética ou vasopresina. Accións biolóxicas e regulación da síntese e secreción de oxitocina.

Tema 4: Adenohipófise. Natureza química, síntese e liberación das hormonas adenohipofisarias. Hormonas glucoproteicas. POMC e derivados. GH e prolactina. Regulación da función adenohipofisaria: hormonas hipotalámicas e mecanismos de feedback.

Tema 5: Glándula tiroides: recordo anátomo-funcional. Mecanismo de biosínteses, almacenamento e liberación de hormonas tiroideas. Metabolismo das hormonas tiroideas. Accións biolóxicas das hormonas tiroideas. Regulación da función tiroidea. Estudo conxunto da regulación do eixe hipotálamo-hipófise-tiroideo.

Tema 6: Glándula adrenal. Recordo anátomo-funcional. Córtex adrenal: biosíntese de hormonas adrenocorticais. Metabolismo e excreción. Mineralocorticoides, glucocorticoides e esteroides sexuais. Regulación do trofismo adrenal: papel da ACTH. Regulación da secreción de hormonas córticoadrenais. Medula adrenal. Biosíntese de hormonas medulares. Almacenamento, liberación e metabolismo. Accións biolóxicas. Regulación da función da medula adrenal. Estudo conxunto do eixe hipotálamo-hipófise-adrenal.

Tema 7: O páncreas endócrino. Organización celular dos illotes de Langerhans. Glicagón: biosíntese, secreción e metabolismo. Accións biolóxicas. Regulación da secreción de glicagón. Insulina: biosíntese, secreción e metabolismo. Accións biolóxicas. Regulación da secreción de insulina. Somatostatina: biosíntese, secreción e metabolismo. Accións biolóxicas.

Tema 8: Regulación hormonal da homeostase do calcio. Introducción xeral ao metabolismo do calcio. Paratiroides: estrutura. Síntese, almacenamento e liberación de paratohormona (PTH). Accións biolóxicas e mecanismos de acción. Regulación da secreción de PTH. Calcitonina: células de orixe, biosíntese e metabolismo. Accións biolóxicas e mecanismos de acción. Regulación da secreción de calcitonina. Vitamina D: Síntese e metabolismo. Accións biolóxicas e mecanismo de acción.

Tema 9: Control hormonal da reprodución no home. Testículo: recordo anátomo-funcional. Células de Leidig e células de Sertoli. Testosterona: biosíntese, accións biolóxicas. Control da función testicular: eixe hipotálamo-hipófise-testicular.

Tema 10 Control hormonal da reprodución na muller. Ovario: recordo anátomo-funcional. Estróxenos e proxesterona: biosíntese, accións biolóxicas e mecanismo de acción. Control da función ovárica: eixe hipotálamo-hipófise-ovárico.



Regulación do ciclo menstrual.

Tema 11: Control hormonal do embarazo e da lactación. Placenta: hormonas placentarias: biosíntese, accións biolóxicas e mecanismo de acción. Cambios hormonais durante o embarazo e significación biolóxica. Influencia hormonal no parto. Control hormonal da lactación. Regulación do crecemento e desenvolvemento da glándula mamaria. Regulación da produción e execución de leite.

Tema 12: Fundamentos de nutrición. Control hormonal do metabolismo enerxético. Aspectos xerais do metabolismo de glúcidos, proteínas e lípidos. Control integrado do metabolismo da glucosa. Control integrado do metabolismo de proteínas e lípidos. Regulación do metabolismo durante o xaxún e trala inxestión.

Tema 13: Fame e saciedade. Regulación da inxestión de comida e peso corporal. Regulación do gasto enerxético e os seus efectos sobre o control do peso corporal. Papel da leptina.



Capítulo 9.- O RIL E OS LÍQUIDOS CORPORAIS

Tema 1: Composición e compartimentos líquidos do organismo. Compartimentos intra e extracelular. Medida dos compartimentos líquidos. Composición dos líquidos orgánicos. Presión osmótica e intercambio de líquido entre compartimentos.

Tema 2: Formación de orina polo ril: Fluxo sanguíneo renal. Autorregulación do fluxo sanguíneo renal. Diuresis de presión. Efectos da estimulación nerviosa. Filtración glomerular. Composición e índice de filtración glomerular. Regulación.

Tema 3: Mecanismos de reabsorción e secreción tubular. Mecanismos de transporte activo. Mecanismos de transporte pasivo. Absorción e secreción nas distintas partes da nefrona. Concepto de aclaramento plasmático e a súa utilidade.

Tema 4: Mecanismos de concentración e dilución urinaria. Estrutura da medula renal. Características funcionais dos segmentos tubulares implicados nos procesos de concentración e dilución. O mecanismo contracorrente. Formación dunha orina concentrada. Regulación do mecanismo de concentración. Formación de orina diluída. A micción e o seu control.

Tema 5: Regulación da osmolaridade e do volume do líquido extracelular. Sistema osmorreceptores-ADH. O mecanismo da sede e a súa regulación. Papel da aldosterona no control do sodio extracelular. Regulación da concentración de potasio e outros ións. Control do volume sanguíneo: factores nerviosos e hormonais de control.

Tema 6: Regulación do equilibrio ácido-básico. Introducción. Función dos sistemas tampón. Tampóns orgánicos. Regulación respiratoria do equilibrio ácido-básico. Control renal da concentración de hidroxenións. Tampóns tubulares renais. Escala temporal da regulación do equilibrio ácido-básico. Concepto de acidose e alcalose.



| | |
|--|---|
| <p>Capítulo 10.- SISTEMA DIXESTIVO</p> | <p>Tema 1: Principios xerais da fisioloxía gastrointestinal. Motilidade esofáxica. Motilidade gástrica e a súa regulación. Motilidade do intestino delgado. Motilidade colónica. Motilidade ano-rectal. Defecación.</p> <p>Tema 2: Fisioloxía da secreción salival e gástrica. Composición da saliva. Fisioloxía da mastigación e a deglución e o seu control. Bases estruturais da secreción gástrica. Secreción gástrica e a súa regulación.</p> <p>Tema 3: Fisioloxía da bile e da vía biliar. Composición e función da bile. Mecanismo de formación da bile. Motilidade da vía biliar.</p> <p>Tema 4: Fisioloxía da absorción e secreción intestinal. Bases morfo-funcionais da absorción e secreción intestinal. Tipos de transporte. Transporte de diversas substancias. O sistema inmunolóxico do intestino. Hormonas gastrointestinais.</p> <p>Tema 5: Fisioloxía do páncreas exócrino. Composición do zume pancreático: compoñente hidroelectrolítico e compoñente encimático. Control da secreción pancreática: mediadores implicados. Fases da secreción pancreática.</p> <p>Tema 6: Fisioloxía hepática. O fígado como controlador na homeostase calórica: fases de inxestión, xaxún precoz, xaxún e xaxún prolongado. Glicólise, glicoxenoxénese e glicoxenólise. Manexo dos lípidos por parte do fígado. Metabolismo hepático de lipoproteínas e colesterol. Metabolismo hepático de vitaminas. Función detoxificante do fígado. Metabolismo hepático das hormonas.</p> |
| <p>Capítulo 11.- FISIOLOXÍA DO ENVELLECIMENTO: SEMINARIO</p> | <p>Principios xerais sobre o envellecemento. O envellecemento como unha etapa do ciclo vital. Teorías sobre o envellecemento.</p> <p>Características fisiolóxicas do envellecemento nos distintos sistemas corporais. envellecemento cerebral, deterioro neuronal e demencias</p> |
| <p>Prácticas:</p> | <ol style="list-style-type: none"> 1.- Simulacións por ordenador: potencial de membrana e potencial de acción. 2.- A contracción muscular 3.- O electroencefalograma 4.- Presión arterial 5.- Exploración cardiocirculatoria e introdución ao electrocardiograma 6.- Introdución á espirometría 7.- A glicemia 8.- Valoración antropométrica da saúde |

| Planificación | | | | |
|--------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral | A1 A2 A3 A4 A9 C3 C8 | 60 | 96 | 156 |
| Prácticas de laboratorio | A2 A9 B3 C3 C8 | 24 | 6 | 30 |
| Seminario | B2 B4 B5 C3 C8 | 10 | 3 | 13 |
| Proba mixta | A1 A9 B1 | 2 | 0 | 2 |
| Traballos tutelados | A1 C3 C8 C9 | 8 | 15 | 23 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado



Metodoloxías

| Metodoloxías | Descrición |
|--------------------------|---|
| Sesión maxistral | <p>A clase maxistral é tamén coñecida como conferencia, método expositivo ou lección maxistral. Esta última modalidade adóitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso case exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.</p> <p>Para as competencias específicas do título referenciadas nesta materia.</p> |
| Prácticas de laboratorio | <p>Metodoloxía que permite que os estudantes aprendan efectivamente a través da realización de actividades de carácter práctico, tales como demostracións, exercicios, experimentos e investigacións.</p> <p>Para adquirir as competencias específicas do título referenciadas nesta materia.</p> |
| Seminario | <p>Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.</p> <p>Para adquirir as competencias xenéricas do título referenciadas nesta materia.</p> |
| Proba mixta | <p>Proba para valorar os contidos teóricos a través de probas de ensaio (preguntas abertas de desenvolvemento) e probas obxectivas (preguntas de resposta múltiple, breve, de completar, ordenación, asociación e/ou discriminación). Segundo a natureza dos contidos poden aplicarse probas de ensaio ou probas obxectivas, illadamente.</p> |
| Traballos tutelados | <p>Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado, baixo tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe do como facer as cousas. Constitúe unha opción baseada na asunción polo alumnado da responsabilidade pola súa propia aprendizaxe.</p> <p>Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.</p> <p>Para adquirir as competencias xenéricas, fundamentalmente, e específicas do título referenciadas nesta materia</p> |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | <p>AA atención personalizada, incluído o alumnado a tempo parcial, farase mediante tutorías personalizadas virtuais e/ou presenciais.</p> |

Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
|--------------------------|---------------------------|--|---------------|
| Prácticas de laboratorio | A2 A9 B3 C3 C8 | <p>Asistencia obrigatoria.</p> <p>Participación activa nas prácticas, caderno de prácticas e/ou proba mixta (15% da nota total)</p> | 15 |
| Traballos tutelados | A1 C3 C8 C9 | <p>Traballos escritos realizados polo alumno a partir dun tema recomendado polo profesor ou presentación de artigos científicos de forma individual ou en grupo.</p> | 10 |
| Proba mixta | A1 A9 B1 | <p>Exame escrito para valorar os contidos teóricos que consistirá en probas tipo ensaio e/ou obxectivas</p> | 75 |

Observacións avaliación



Sistemas de avaliación primeira e segunda

oportunidade: exame escrito da materia (75% da nota

final).Traballos/presentacións (10%). Prácticas (15%). Sistemas de cualificación: numérico desde o 0 ao 10, sendo 10 a máxima cualificación e 5 o aprobado. O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspense 5-6.9=Aprobado 7-8.9=Notable 9-10=Sobresaliente9-10. Matrícula de Honra (Graciable).

Oportunidade adiantada: proba mixta que abordará todo o temario da materia.

Non presentado: considerárase "non presentado" a calquera alumna ou alumno que non se presente a algunha das probas mixtas.

En caso de facerse exames individualizados para cada cuadrimestre, deberase obter unha nota mínima de 3.5 puntos sobre un máximo de 10 en cada parte para que se poida facer a media de ambos os cuadrimestres e aprobar a materia. No caso de non obterse un 3.5 nalgún dos exames a materia estará suspensa, aínda que a media global supere os cinco puntos, neste último caso a cualificación que figurará na acta será de 4.9. Se se suspende a materia, aínda tendo nalgún cuadrimestre 5 ou máis puntos, os estudantes deberán examinarse da materia completa nas seguintes oportunidades.

A proba mixta pode estar composta por calquera das seguintes modalidades e/ou unha combinación de varias: preguntas de ensaio (preguntas abertas de desenvolvemento), preguntas test de resposta múltiple (podendo ser verdadeiras unha ou varias das respostas), preguntas de ordenación, preguntas de resposta breve, preguntas de discriminación, preguntas de completar, preguntas de asociación.

Enténdese que o alumnado universitario ten que ter asumidas as capacidades lingüísticas en relación á expresión oral e escrita.

Polo tanto, será primordial e levarase a cabo obrigatoriamente a corrección ortográfica (ortografía, acentuación e puntuación), gramatical e léxica nos traballos e exames realizados como condición imprescindible para superar a materia.

Todos os aspectos relacionados con ?dispensa académica?, ?dedicación ao estudo?, ?permanencia? e ?fraude académica? rexeranse de acordo coa normativa académica vixente da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

· Fisiología humana. Fox, Stuart Ira. McGraw Hill.· Fisiología. Preston, Robin R. Wolters Kluwer.· Fisiología humana: un enfoque integrado. Silverthorn, Dee Unglaub. Panamericana.· Fisiología. Costanzo, Linda S. Wolters Kluwer.· Fisiología. Costanzo, Linda S. Elsevier.· Fisiología humana. Derrickson, Bryan. Panamericana.· Fisiología médica: un enfoque por aparatos y sistemas. Raff, Hershel. McGraw Hill Education.· Principios de anatomía y fisiología. Tortora, Gerard J. Panamericana.· Principios de fisiología humana. Stanfield, Cindy L. Pearson Educación.· Guyton y Hall: tratado de Fisiología Médica. Hall, John E. Elsevier.· Tratado de fisiología médica. Guyton, Arthur C. Elsevier.· Fisiología. Berne y Levy. Elsevier.· Principios de fisiología humana. Stanfield, Cindy L. Pearson Educación.https://www.udc.es/gl/biblioteca/recursos_informacion/libros_electronicos/libreria-pons_0001/



Bibliografía complementaria - () . .

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

1. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar tanto en formato papel como virtual ou soporte informático.

De realizarse en papel, seguiranse na medida do posible as seguintes recomendacións xerais:

- Non se utilizarán plásticos
 - Realizaranse impresións a dobre cara
 - Empregarase papel reciclado
 - Evitarase a realización de borradores
2. Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón

físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a

un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria.3. Traballarase para

identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna

para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías